

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUROS

*Anuncio da lista definitiva de persoas admitidas, composición do tribunal e data de exame do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a en xestión cultural (Grupo A2), como persoal funcionario de carreira (OPE 2024)*

#### ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía de 15 de xuño de 2026 (Exp. núm.: 2026/G003/000592) adoptáronse os seguintes acordos:

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 340/2026, do 14 de abril, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 72, do 20 de abril de 2026, pola que se aprobaron as bases reguladoras do proceso selectivo, mediante promoción interna e polo sistema de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a en xestión cultural, como persoal funcionario/a de carreira, grupo A2 (Exp. núm. 2025/E001/000012), incluída na Oferta de Emprego Público ordinaria do ano 2024 do Concello de Muros, publicada no BOP núm. 248, do 26 de decembro de 2024.

Considerando que mediante Resolución da Alcaldía núm. 462/2026, do 18 de maio (Exp. núm. 2026/G003/000470), se aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a en xestión cultural (grupo A2), como persoal funcionario de carreira correspondente á OPE 2024, publicada no BOP núm. 95, do 22 de maio de 2026.

Transcorrido o prazo de 10 días hábiles concedidos para a presentación de reclamacións ou emenda de omisións sen que se presentase ningunha, procede elevar a definitiva a devandita lista provisional, polo que,

#### RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión como persoal funcionario/a de carreira dunha praza de praza de técnico/a en xestión cultural, incluída na oferta de emprego público do Concello de Muros do ano 2024.

#### Persoas admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI CODIF.
Pastoriza Fernández, David José	***3194**

SEGUNDO. Nomear o tribunal cualificador que estará constituído por:

- Presidencia: Fernando Adolfo de Abel Vilela, profesor titular de Dereito Administrativo da USC; suplente: Concha Allut Vidal, técnica de Cultura do Concello de Noia.
- Secretaría: José Manuel Mayo Priegue, funcionario do Concello de Muros; suplente: Francisco Abeijón Núñez, funcionario do Concello de Muros.
- Vogalías:
  - Pilar Villaverde Cutrín, técnica de Mocidade e información xuvenil do Concello de Ames; suplente: Pilar Esturao Ponte, funcionaria do Concello de Muros.
  - Sabela Herrero Liaño, técnica de Cultura da Deputación da Coruña; suplente: Inés Tajés Grille, funcionaria do Concello de Muros.
  - Rosa María Monteagudo Rey, funcionaria do Concello de Muros; suplente: Juan Ramón Vidal Fernández, técnico de Cultura do Concello de Noia.

TERCEIRO. Fixar a constitución do tribunal cualificador para o día 23 de xuño de 2026, ás 10:00 horas.

CUARTO. Convocar as persoas aspirantes a realización do primeiro exercicio da fase de oposición que terá lugar o día 3 de xullo de 2026 ás 11:00 horas no salón de plenos do Concello de Muros.

QUINTO. Publicar este acordo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros con indicación de que fronte a este acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da súa publicación. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Muros, 15 de xuño de 2026

María Lago Lestón

Alcaldesa do Concello de Muros

2026/4101